


Día de magosto...

Ese día case non comín nada no Xantar. Quedara con Paulo e a súa irmá ás tres menos cuarto na eira do señor Laureano. Cando cheguei non estabamos sos, había uns vinte ou trinta mozos da aldea rindo e gastándose bromas.

Paulo veume buscar...

- ¡Eh,...André estamos aquí!
- Trouxen estas castañas, non sei se servirán.
- Claro que serven, parecen moi boas, ¿Non as comprarías?
- ¡Non, oh! -mentín- o meu tío ten un castiñeiro grande na finca da Devesa.
- Non sabía eu del... ¡ Ei, que marchan todos!

Nunha gran procesión tódolos mozos e mozas da aldea iamos cara o monte cargados con bolsas, latas vellas con buratos,... había algúns que levaban ademáis machadas, sachas ou unha pá.



O sitio quedaba mais lonxe do que pensaba, chamábase a "Pedra Branca" -non sei se sería pola cantidade de seixos que alí había-, era un gran claro no monte no que case non había maleza, pasaba ademais por alí un regueiro con auga .

Un dos maiores, Celso, comezou a dirixir a organización da festa:

- Tódalas castañas á caixa de cartón, as rapazas ide picándoas e tirade tódalas que teñan bicho,... Uns cantos ide con Manolo a preparar o lugar da fogueira... Lelucha colle a dúas ou tres mais e ide buscar piñas e fento seco para poder prender o lume... Os que trouxeron machada e tódolos demais que veñan comigo a buscar leña.

Eu mirei para Paulo e vin que se unía ós que tiñan sachas . Fun con eles. Paulo presentoume: "Este é André o sobriño de Lino o da Congostra, é de Vigo e vai estar aquí ata o venres".

"Pois que veña comigo a buscar pedras para a fogueira" - díxome un rapaz miúdo que logo sabería que se chamaba Tomás.

Tomás collía pedras enormes e levantábaas como se tal cousa, eu para non ser menos trataba de collelas parecidas pero chegaba ó lugar onde logo fariamos a fogueira sen folgos. Recuperarei a vida cando Paulo dixo "Deixádeo xa, éa onde ides con tantas pedras?". As rapazas eran as que mellor o pasaban. Mentres picaban as castañas estaban ós contos e rindo.

Como ninguén trouxera unha grella colocamos as pedras de xeito que logo puidéramos poñer as latas enriba .

As encargadas de buscar piñas, pica e fentos secos chegaron, así como as primeiras viaxes dos da leña.

Dende lonxe un berrou: ¡Que di Celso que vaiades acendendo o lume!

Acenderon o fento seco e piñas e de seguido comezaron a poñerlle enriba as ramas mais delgadas.

Aínda que ó principio facía un pouco de fume pronto a chama fíxose impresionante. Os que alí estábamos estivemos botándolle leña todo o tempo.

O lume hipnotizounos e estábamos todos alí como apampados mirando como saltaban as charamuscas . Alguén foi ó regueiro a buscar dous caldeiros con auga para regar ó redor da fogueira e evitar que o lume puidese escapar.

Celso deu a orde: ¡Deixade xa de botar leña!

Esperamos ata que as chamas se apagaron por si soas e cunha pá foron levando as brasas para o lugar que nós preparamos coas pedras. O vento facía que as chamas reaparecesen de cando en vez.

Distribuíron as brasas e puxemos as latas coas castañas, dándolle voltas cuns paus longos. O arrecendo das castañas asadas invadiu todo o lugar.

As primeiras castañas xa estaban asadas. Todos fomos coma tolos a coller a primeira. ¡Nunca probara castañas tan saborosas!

Empezaron xa a abrir as primeiras botellas con viño tinto novo. Probeino pero sóubome fatal, así que decidín beber auga do regueiro cando tivera sede.

Algúns estaban subindo a unha árbore e baixando logo agarrados a unha rama delgada . Chamábano "O ascensor". A rama cada vez subía menos. De seguro acabaría rompendo.

Celso veu cun adival e dixo: "A tirar pola corda: os de Trasmonte cos da Areeira. A min metéronme no grupo da Areeira -non sei o porqué- . A primeira vez

gañamos nós, pero ó longo da tarde fixemos unhas dez ou quince competicións mais. Nas últimas xa non fixen forza, pois tiña as mans peladas.

Ó primeiro comiamos moitas castañas, pero logo estas fóronse amoreando e xa ninguén facía caso delas.

Vin un balbordo e pensei que estaban pelexando. O que ocorría é que un coas mans todas negras de borro tentaba pasárllelas pola cara a unha rapaza. Esta berraba e corría polo monte. Pouco despois todos facían o mesmo. Eu evitei que me manchasen un bo rato, pero cando xa estaba como os demais, metín as mans nas castañas e emborrallei a todos os que puideron. Foi cando mellor o pasei.

O sol marchou e puxémonos a recoller todo.

De volta á casa algúns fixeron fachos coas últimas brasas e iluminaban o camiño. Os cans ladraban na aldea. Parecíamos a Santa Compañía.

Despedímonos todos e cada un foi á súa casa.